

# DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

## IES Val do Tea 2023

O Día Internacional da Muller Traballadora, ultimamente coñecido coma **Día Internacional da Muller**, é unha data que nos ofrece a oportunidade de reflexionar acerca das condicións vitais e laborais da muller na sociedade en que vivimos.

### A súa orixe:

A orixe da celebración do 8 de Marzo tense atribuído a diversos acontecementos. Un dos máis coñecidos fai referencia aos feitos que sucederon nesta data o ano 1908, en que morreron abrasadas 146 mulleres traballadoras da fábrica téxtil Cotton de Nova York, nun incendio provocado polas bombas incendiarias que lles lanzaron os responsables da empresa, ante a negativa a abandonar o seu encerro en protesta polos baixos salarios e as infames condicións de traballo que padecían.

### O Día da Muller na actualidade

A conmemoración do 8 de marzo segue sendo necesaria, pois debe servirnos para lembrar que:

- As mulleres representan máis da metade da poboación, pero aínda lles queda moito para acceder á igualdade plena en obrigas e dereitos.
- A situación social da muller segue presentando serias carencias:
  - No fogar as mulleres dedican 3 veces máis tempo ao coidado da casa e dos fillos do que os homes.
  - Fóra do fogar, as mulleres son o sector social que asume maioritariamente os coidados en ámbitos como a sanidade ou o traballo doméstico.
- A nivel laboral, a fenda salarial en España entre homes e mulleres é aínda moi elevada, sobre todo na franxa de idade superior aos 35 anos, podendo chegar a un 15% ou máis.

*Por todo isto, este 8 de marzo debemos seguir reclamando o noso dereito a un traballo digno e equitativo, a unha educación en igualdade e a que a nosa liberdade sexa respectada en todos os ámbitos.*

**FELIZ E REIVINDICATIVO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER!**